

Os tribunais considerarán na avaliación dos proxectos a súa capacidade ou interese pedagóxico para servir como pauta ou referencia ós demais alumnos e alumnas. Para tal efecto, incluírán no seu calendario de actividades a organización de exposicións de proxectos finais.

4.3.2. Titoría e tribunal avaliador:

A titoría do proxecto final correrá a cargo do titor do ciclo formativo ou dun membro do equipo docente. Neste último caso actuará como relator o titor.

A aceptación da proposta do proxecto final e a súa avaliación, así como a determinación específica dos prazos, procesos e pautas para a realización, entrega e avaliación dos proxectos corresponderalle a un tribunal integrado por:

Presidente: o director do centro ou o profesor en quen delegue.

Secretario: será o do propio centro, que actuará con voz pero sen voto, levantará acta das sesións, e se encargará de facilitar e coordina-la utilización dos medios que, se é o caso, o centro poña ó dispor dos alumnos para a realización dos proxectos, no período establecido para a súa execución.

Vocais: polo menos tres, nomeados polo director, dos que dous membros serán profesores do ciclo. O director poderá designar ademais un profesor de recoñecido prestixio no campo correspondente ó ciclo formativo alleo ó centro educativo.

4.4. Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos profesionais do ciclo formativo de fotografía artística:

Os funcionarios do corpo de profesores de artes plásticas e deseño e do corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño impartirán con carácter preferente os módulos deste ciclo de conformidade coa atribución de módulos a especialidades que figura na columna (A) deste anexo.

Non obstante, co fin de lograr un óptimo aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro, na súa organización, os devanditos módulos poderán ser impartidos por funcionarios e funcionarias doutras especialidades, de conformidade co que figura na columna (B), sen que iso derive efectos na adscrición de especialidade.

Nº	Módulos	Especialidade do profesorado	
		(A)	(B)
1	Formación e orientación laboral	Corpo: profesores de artes plásticas e deseño. Especialidades: -Dereito usual. -Organización industrial.	
2	Historia da fotografía	Corpo: profesores de artes plásticas e deseño. Especialidades: -Cultura xeral cerámica. -Historia da arte. -Historia da arte e da cerámica. -Fotografía artística. -Teoría e práctica da fotografía. -Fotografía.	Corpo: profesores de artes plásticas e deseño. Especialidade: -Técnicas audiovisuais.

Nº	Módulos	Especialidade do profesorado	
		(A)	(B)
3	Expresión plástica: fotografía	Corpo: profesores de artes plásticas e deseño. Especialidades: -Debuxo artístico. -Colorido e procedementos pictóricos. -Composición decorativa, pintura e escultura relixiosa. -Decoración sobre pastas cerámicas. -Análise de forma e cor. -Procedementos pictóricos. -Técnicas de colorido aplicado á cerámica. -Debuxo publicitario. -Composición ornamental. -Estilización artística e colorido. -Decoración elemental cerámica. -Técnicas de deseño gráfico. -Técnicas gráficas industriais.	Corpo: profesores de artes plásticas e deseño. Especialidades: -Proxectos de arte decorativa. -Teoría e práctica do deseño. -Modelado e baldeirado. -Imaxinería castelá. -Moldeamento de figuras. -Moldes. -Adorno e figura.
4	Fotografía artística	Corpo: profesores de artes plásticas e deseño. Especialidades: -Fotografía artística. -Teoría e práctica da fotografía. -Fotografía. -Fotografía aplicada á restauración.	
5	Medios audiovisuais	Corpo: profesores de artes plásticas e deseño. Especialidades: -Técnicas audiovisuais. -Fotografía artística. -Teoría e práctica da fotografía. -Fotografía.	
6	Técnica fotográfica	Corpo: mestres de taller de artes plásticas e deseño. Especialidades: -Fotografía artística. -Fotografía e procesos de reprodución.	Corpo: profesores de artes plásticas e deseño. Especialidades: -Fotografía artística. -Teoría e práctica da fotografía. -Fotografía.
7	Teoría da imaxe	Corpo: profesores de artes plásticas e deseño. Especialidades: -Fotografía artística. -Teoría e práctica da fotografía. -Fotografía. -Fotografía aplicada á restauración. -Técnicas audiovisuais. -Técnicas de deseño gráfico. -Técnicas gráficas industriais.	Corpo: profesores de artes plásticas e deseño. Especialidades: -Cultura xeral cerámica. -Historia da arte. -Historia da arte e da cerámica. -Historia e técnicas do libro. -Proxectos de arte decorativa. -Teoría e práctica do deseño. -Procedementos de ilustración do libro. -Litografía. -Serigrafía. -Estampación calcográfica. -Gravado. -Heliogravado.
8	Medios informáticos: fotografía artística	Corpo: mestres de taller de artes plásticas e deseño. Especialidade: -Deseño gráfico asistido por ordenador.	Corpo: profesores de artes plásticas e deseño. Especialidades: -Deseño asistido por ordenador. -Técnicas de deseño gráfico. -Técnicas gráficas industriais.

4.5. Espacios e instalacións:

As condicións de espacio e instalacións que deben reuni-los centros educativos son as que fixa o Real decreto 389/1992, do 15 de abril, polo que se regulan os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanza artística.

Para os efectos do disposto no artigo 40.1º, parágrafos k), l), m), do real decreto anteriormente citado, os módulos do presente ciclo formativo clasifícanse nos seguintes puntos:

* Teóricos:

- Teoría da imaxe.
- Historia da fotografía.
- Formación e orientación laboral.

* Teórico-prácticos:

- Expresión plástica: fotografía.
- Proxecto integrado: fotografía.

* Talleres específicos:

- Técnica fotográfica.
- Fotografía artística.
- Medios audiovisuais.
- Medios informáticos: fotografía artística.

Espacio formativo	Superficie	Grao de utilización
Aula teórica	45 m ²	30%
Aula teórico-práctica	80 m ²	5%
Aula de medios audiovisuais	30 m ²	15%
Taller de técnica fotográfica	60 m ²	10%
Taller de fotografía artística	60 m ²	40%

4.6. Relación numérica profesor/alumno:

De conformidade co establecido no artigo 44 do Real decreto 389/1992, do 15 de abril, polo que se regulan os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas artísticas, manterase unha relación numérica entre profesor e alumno non superior a 1/15 nos seguintes módulos: fotografía artística, técnica fotográfica e medios audiovisuais. Ó resto dos módulos aplicaráselle-la ratio máxima 1/30.

En función da dispoñibilidade de cada centro, e sempre que sexa posible, tenderase a aplica-la relación 1/15 nos módulos impartidos nas aulas teórico-prácticas.

4.7. Correspondencias:

Poderán ser obxecto de correspondencia coa práctica laboral os seguintes módulos:

- * Técnica fotográfica.
- * Formación e orientación laboral.

Así mesmo, poderá quedar total ou parcialmente exento da fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres, quen acredite experiencia laboral no campo profesional directamente relacionado con este ciclo formativo.

4.8. Distribución horaria:

* Os módulos profesionais deste ciclo formativo organízanse do seguinte xeito:

Horas totais	Denominación dos módulos
	1º, 2º e 3º trimestre
160	Expresión plástica: fotografía
95	Historia da fotografía

Horas totais	Denominación dos módulos
130	Técnica fotográfica
285	Fotografía artística
130	Medios informáticos: fotografía artística
95	Teoría da imaxe
65	Horas de libre disposición
960	Total
	4º, 5º e 6º trimestre
240	Medios audiovisuais
150	Proxecto integrado: fotografía
240	Fotografía artística
65	Formación e orientación laboral
695	Total
190	Proxecto final
105	Formación práctica en estudos, empresas ou talleres
295	Total